

para configuralo, de acordo coas previsións do marco legal autonómico antes citado, como corporación de dereito público e facilitar así a súa actividade.

Por iso, mediante esta orde faise a dita reforma parcial á espera de que, unha vez que termine o procedemento relativo á comunicación á Comisión Europea das modificacións do prego de condicións, se aprrobe o texto completo do novo regulamento.

En virtude do anterior e de acordo co establecido na Lei 2/2005, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación do anexo da Orde do 3 de novembro de 1994, da Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes, pola que se aproba o Regulamento da denominación específica *Ternera Gallega* e do seu Consello Regulador.

O artigo 34 do Regulamento da denominación específica *Ternera Gallega* (ou indicación xeográfica protexida, de acordo coa actual terminoloxía da normativa reguladora desta materia da Unión Europea) aprobado pola Orde do 3 de novembro de 1994, da Consellería de Agricultura, Gandaría e Montes, queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 34º

1. O Consello Regulador da denominación específica *Ternera Gallega* é unha corporación de dereito público, coas funcións que determina a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega; o Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores; o establecido neste regulamento e demais normativa que lle sexa de aplicación. Ten personalidade xurídica de seu, autonomía económica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

2. Os principios básicos da actuación do Consello Regulador son o seu funcionamento sen ánimo de lucro e a representación dos intereses económicos dos distintos sectores que a integran.

3. O ámbito competencial do Consello Regulador está limitado aos produtos protexidos pola denominación específica, en calquera das súas fases de produción, elaboración, almacenaxe, envasado, circulación e comercialización, e ás persoas inscritas nos rexistros establecidos neste regulamento.

4. A tutela administrativa sobre o Consello Regulador exerceraa a consellería competente en materia de agricultura».

Disposición derradeira

Única.-*Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

Resolución do 17 de xullo de 2009, da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria, pola que se actualizan algunhas substancias activas incluídas no Regulamento técnico específico de produción integrada de viñedo.

A Orde do 21 xuño de 2005 (DOG nº 124, do 29 de xuño), pola que se aproba o Regulamento técnico específico de produción integrada de viñedo, recolle na epígrafe de control de pragas e enfermidades do anexo I a obriga de antepoñer os métodos culturais, biolóxicos, biotecnolóxicos, físicos e xenéticos aos métodos químicos.

No caso de resultar necesaria unha intervención química, as substancias activas que se vaian empregar serán seleccionadas de acordo cos criterios de menor perigo para humanos, fauna e ambiente; a efectividade; a selectividade; os residuos e o risco de aparición de resistencias, establecendo ademais unha lista de substancias activas, nos apéndices III e IV, para o seu posible emprego en produción integrada, sobre a base da experiencia coñecida do seu impacto nos correspondentes organismos útiles e outros requisitos ambientais.

A continua actualización de substancias activas derivada da aplicación da Directiva 91/414/CEE do Consello, do 15 de xullo, relativa á comercialización de produtos fitosanitarios, a modificación dos usos destes produtos no Rexistro de Produtos e Material Fitosanitario do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, así como o resultado de novos coñecementos técnicos, fan necesaria unha revisión e posta ao día da lista de substancias activas establecida nos apéndices III e IV do Regulamento técnico específico de viñedo en produción integrada.

Tendo en conta a disposición segunda da antedita orde, na cal se faculta o director xeral de Producción Agropecuaria para ditar as modificacións necesarias de modificación ou adaptación dos anexos como consecuencia de novos coñecementos e avances técnicos e científicos, ou para incorporar normativa de obrigado cumprimento que ao respecto se estableza,

RESOLVO:

Primeiro.-Actualizar as substancias activas reflectidas na epígrafe de control químico do apéndice III e no apéndice IV do Regulamento técnico específico de produción integrada de viñedo, segundo se establece no anexo desta resolución.

Segundo.-Estas substancias activas deberán seguir os condicionamentos fitoterapéuticos xerais e específicos e os preventivos de riscos do Rexistro Oficial de Produtos e Material Fitosanitario, así como as restricións particulares establecidas no dito anexo.

Terceiro.-O contido incluído no apéndice III para cada praga ou enfermidade (mostraxe, límites e/ou criterios mínimos de intervención, axentes biolóxicos, outras medidas complementarias aplicables e

recomendacións), permanece vixente salvo o relativo ao control químico.

Cuarto.-Esta resolución producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2009.

José Álvarez Robledo
Director xeral de Producción Agropecuaria

ANEXO

Apéndice III. Control integrado en pragas e enfermidades

Mildiu da vide (*Plasmopara viticola*)

CONTROL QUÍMICO
Azoxistrobin
Azoxistrobin + cimoxanilo
Azoxistrobin + folpet
Benalaxil + cimoxanilo + folpet ¹
Benalaxil + cimoxanilo + mancozeb
Benalaxil + cobre
Benalaxil + folpet ¹
Benalaxil + mancozeb
Ciazofamida
Cimoxanilo + folpet ¹
Cimoxanilo + folpet + mancozeb ¹
Cimoxanilo + folpet + oxiclورو de cobre ¹
Cimoxanilo + mancozeb
Cimoxanilo + metiram
Cimoxanilo + oxiclورو de cobre + mancozeb
Cimoxanilo + sulfato cuprocálcico
Cimoxanilo + sulfato cuprocálcico + oxiclورو de cobre
Dimetomorf
Dimetomorf + mancozeb
Dimetomorf + oxiclورو de cobre
Famoxadone + cimoxanilo ¹
Famoxadone + mancozeb
Folpet ¹
Fosetil-al
Fosetil-al + cimoxanilo + folpet ¹
Fosetil-al + cimoxanilo + mancozeb
Fosetil-al + iprovalicarb + mancozeb
Fosetil-al + mancozeb
Hidróxido cúprico
Iprovalicarb + folpet ¹
Mancozeb
Maneb
Metalaxil
Metalaxil + folpet
Metalaxil + mancozeb
Metalaxil + oxiclورو de cobre
Metalaxil + oxiclورو de cobre + folpet ¹
Metalaxil + oxiclورو de cobre + folpet + sulfato cuprocálcico ¹
Metalaxil M (mefenoxan) + folpet ¹
Metalaxil M (mefenoxan) + mancozeb
Metalaxil M (mefenoxan) + oxiclورو de cobre
Metiram
Óxido cuproso
Oxicloruro de cobre
Oxicloruro de cobre + folpet ¹
Oxicloruro de cobre + mancozeb
Oxicloruro de cobre + sulfato cuprocálcico
Piraclostrobin + metiram
Sulfato cuprocálcico
Sulfato cuprocálcico + folpet ¹
Sulfato cuprocálcico + mancozeb
Zoxamida + mancozeb
RESTRICIÓN AS SUBSTANCIAS ACTIVAS
¹ Só ata o inicio da cora.
Os preparados con acción química e/ou penetrante non se empregarán máis de 3 tratamentos por campaña coa excepción do fosetil-al e cimoxanilo.
Deberán alternarse entre campañas.

Oídio da vide (*Uncinula necator*)

CONTROL QUÍMICO
Azoxistrobin
Azoxistrobin + folpet
Xofre (só en espolvoreo)
Ciproconazol ¹
Ciproconazol + xofre ¹
Dinocap
Fenbuconazol
Fenbuconazol + dinocap ¹
Fluquinconazol ¹
Flusilazol
Kresoxim-metil
Kresoxim-metil + boscalida
Myclobutanil ¹
Myclobutanil + xofre ¹
Myclobutanil + dinocap ¹
Penconazol ¹
Permanganato potásico
Piraclostrobin + metiram
Quinoxifen
Tebuconazol ¹
Tetraconazol ¹
Triadimenol
Trifloxistrobin ¹
RESTRICIÓN AS SUBSTANCIAS ACTIVAS
¹ Só ata o inicio da cora.
Coa excepción dos preparados con acción de contacto, os demais non se deberán aplicar máis de 3 tratamentos por campaña da mesma substancia activa ou familia.

Podrencia gris (*Botrytis cinerea*)

CONTROL QUÍMICO
Boscalida
Ciprodinil
Ciprodinil + fludioxonil
Fenhexamid
Folpet ¹
Iprodiona
Mepanipirim
Metil-tiofanato
Pirimetanil
RESTRICIÓN AS SUBSTANCIAS ACTIVAS
¹ Só ata o inicio da cora.

Excorticose (*Phomopsis viticola*)

CONTROL QUÍMICO
Folpet ¹
Mancozeb
Metiram
RESTRICIÓN AS SUBSTANCIAS ACTIVAS
¹ Só ata o inicio da cora.

Complexo dos fungos da madeira (*Sphaeropsis malorum*, *Cylindrocarpon destructans*, *Phaeoacremonium aleophilum*, *Phaeoniella chlamidospora*, *Fomitiporia punctata*, *Stereum hirsutum*, *Eutypa latae* e outros)

CONTROL QUÍMICO
Cubiet ²
Quinosol ²
Tebuconazol + resinas sintéticas ³
RESTRICIÓN AS SUBSTANCIAS ACTIVAS
² Aplicado despois da poda sobre os cortes en pulverización.
³ Aplicado despois da poda sobre os cortes con pincel.

Insectos e ácaros

Couza ou avelañña (*Lobesia botrana* e *Clysia ambiguella*)

CONTROL QUÍMICO
<i>Bacillus thuringiensis</i> ⁴
Clorpirifos ⁵
Fenoxicarb ⁵
Feromonas de confusión sexual
Flufenoxuron ⁷
Luferuron + fenoxicarb ⁷
Metil clorpirifos
Metoxifenocid ⁷
Spinosad ⁴
Tebufenocid ⁴

CONTROL QUÍMICO
<u>RESTRICIÓN AS SUBSTANCIAS ACTIVAS</u>
⁴ Ao inicio da eclosión.
⁵ Só se coincide co limiar de intervención en mosquito verde.
⁶ O inicio do voo.
⁷ Entre o inicio do voo e o inicio da eclosión.

Araña amarela-vermella (*Tetranychus urticae* Koch,
Panonychus ulmi).

CONTROL QUÍMICO
Clofentezin
Dicofol
Dicofol + hexitiazos
Fenbutestan
Fenpiroximato ⁸
Hexitiazos
Piridaben ⁸
Propargita
Spirodiclofen
<u>RESTRICIÓN AS SUBSTANCIAS ACTIVAS</u>
⁸ Araña vermella

Acariose (*Calepitrimerus vitis*)

CONTROL QUÍMICO
Dicofol ¹
Xofre (só en empoamento) ¹
<u>RESTRICIÓN AS SUBSTANCIAS ACTIVAS</u>
⁽¹⁾ Só ata o inicio da cora.

Trips (*Frankliniella occid*, *Drepanotrips reuteri*)

CONTROL QUÍMICO
Metiocarb ⁹
Spinosad
<u>RESTRICIÓN AS SUBSTANCIAS ACTIVAS</u>
⁽⁹⁾ Máximo unha aplicación ao ano, ata a floración

Mosquito verde (*Empoasca flavescens*)

CONTROL QUÍMICO
Clorpirifos
Flufenoxuron
Imidacloprid

Melazo (*Pseudococcus c.*)

CONTROL QUÍMICO
Clorpirifos
Imidacloprid
Metil clorpirifos

Piral (*Sparganothis pilleriana*)

CONTROL QUÍMICO
Clorpirifos
Flufenoxuron
Lufenuron
Tebufenocide

Vermes grises (*Agrostis spp*)

CONTROL QUÍMICO
Clorpirifos

Altica (*Haltica amelophaga*)

CONTROL QUÍMICO
Clorpirifos

Pulgóns (*Aphis gossypii*)

CONTROL QUÍMICO
Imidacloprid

Bacterias

Necrose bacteriana (*Xylophilus a*)

CONTROL QUÍMICO
Hidróxido cúprico
Oxícloruro de cobre
Óxido cuproso
Sulfato cuprocálcico

Apéndice IV. Substancias activas autorizadas en herbicidas

Tipo de acción	Produtos
Foliares	Glifosato
	Cicloxdim
	Oxadiazon
Permanentes	Quizalofop - p
	Napropamida
	Orizalina
	Diflufenican + glifosato

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Resolución do 3 de xullo de 2009 relativa ao nomeamento dos membros integrantes da Xunta Electoral de Galicia.

A Presidencia da Xunta Electoral de Galicia, en cumprimento do Decreto 338/2009, do 25 de xuño, da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG nº 125, do 29 de xuño), procedeu ao nomeamento dos membros integrantes da Xunta Electoral de Galicia.

Deste xeito dáse contido ao disposto no artigo 15 da Lei autonómica 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, onde se establece que os nomeados por decreto, ao comezo de cada legislatura, permanecerán no exercicio do seu mandato ata a toma de posesión da nova xunta electoral.

Na súa virtude, é ao abeiro do disposto no artigo 18.6º da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, e en execución do acordo adoptado pola Xunta Electoral de Galicia na reunión do día de hoxe, esta Presidencia resolveu declarar:

O día 3 de xullo constitúese a Xunta Electoral de Galicia cos seguintes membros:

Presidente: Miguel Ángel Cadenas Sobreira, presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 14.1º a) da Lei 8/1985, do 13 de agosto).

Vicepresidente: Juan José Reigosa González, maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 14.1º b).

Vogais: maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 14.1º c).

José Antonio Méndez Barrera.

José María Gómez y Díaz-Castroverde.

Isabel Olmos Parés.

Vogais: profesores en activo das facultades de Dereito de Santiago de Compostela e A Coruña (artigo 14.1º d):

Ángel Gómez Iglesias Casal.

Jesús Martínez Girón.